



Unidade 2

Canta xente hai por Europa?

Que é a poboación?

(páx. 86 libro)

A poboación é o conxunto de persoas que nun determinado lugar. Esas persoas comparten unas condicións sociais, naturais e culturais. Para calcular este número de persoas, temos en conta o censo e o padrón.

CENSO: rexistro de poboación que fai o Estado cada 10 anos.

PADRÓN: rexistro municipal de nacementos e mortes que se fai cada ano.

Factores que cambian a poboación

A poboación pode aumentar o diminuír dependendo dos seguintes factores:

Pode aumentar por ...	Natalidade: número de nacementos que hai nun ano nunha poboación.
	Inmigración: movemento que consiste na chegada de persoas a un país distinto da súa orixe para establecerse nel.
Pode diminuír por ...	Mortalidade: número de mortes que hai nun ano nunha poboación.
	Emigración: movemento que consiste no abandono dun lugar de orixe para establecerse noutro.

Poboación absoluta e poboación relativa

(páx.36 atlas e 87 libro)

A **poboación absoluta** é o número total de persoas resultado de sumar o número de nacementos e restar o número de defuncións/mortes.

A **poboación relativa** é a densidade de poboación existente nunha determinada poboación tendo en conta un lugar, espazo xeográfico ou km².


Calcúlase dividindo o número de habitantes nunha zona entre os km² dun territorio (hab./km²).

Exemplo, en Ferrol somos 67569 habitantes nun territorio de 81,9 km². A densidade ou poboación relativa desta cidade é $67569/81,9 = 825$ hab. Por km².

Formas de representar datos estadísticos


Os datos que se estudan e obteñen nos estudos demográficos represéntanse de maneira gráfica para unha mellor comprensión. Hai distintas formas de representar ese datos:

PIRÁMIDE DE POBOACIÓN: gráfico onde representamos a distribución por idade e sexo da poboación.



Formas de representar datos estadísticos

Un **cartograma** é un mapa no que se presentan datos estadísticos por rexións ou países, ben poñendo o número ou coloreando as distintas zonas en función do dato que representan.




Comparación de España con respecto a Europa

Europa crece a ritmo lento, pois hai unha redución no tamaño das familias, poucos nacementos e aumentando o envellecemento (hai máis vive xente maior de 75 anos).

A **poboación europea** maioritariamente nas zonas urbanas e na *dorsal europea*.



(Páx. 38-39 libro)



España tivo un gran crecemento durante o século XX, coñecido como o baby boom. Agora hai menos nacementos. Predominio de mulleres sobre homes. A **poboación española** está repartida de forma desigual. Concéntrase na costa mediterránea, grandes cidades e redúcese no interior.

Movements migratorios de España

(páx.44-45 atlas)

ÉXODO RURAL

Fenómeno que tivo lugar, principalmente, nos anos 60. O traslado dos pobos ás cidades. Os destinos máis habituais foron Madrid, Barcelona e País Vasco. Causa da industrialización e o escaso beneficio dos traballos do campo.
Consecuencia principal: despoboamento

EMIGRACIÓN A EUROPA

Despois da 2ª Guerra Mundial (anos 50) pola necesidade de abandonar un país atrasado e pobre en busca de novas oportunidades de traballo en Europa. As cidades destino foron Suíza, Francia e Alemania.

A CHEGADA DE EMIGRANTES A ESPAÑA

Desde os anos 90, crece o número de persoas de outros países que chegan ao noso país. A maioría están en Madrid, Cataluña e parte da costa Mediterránea. Veñen de América latina, Asia e África, principalmente.

Problemas actuais da poboación no mundo

Son, entre outros, os seguintes:

- **Envellecemento da poboación** pois cada vez hai menos nacementos e as persoas viven máis anos.
- **Retraso na idade de ter fillos** por problemas económicos e sociais.
- Poucas persoas en idade para traballar e moitas persoas dependentes.
- Superpoboación debido á cada vez máis baixa taxa de mortalidade e a degradación do medio ambiente.